

VIERNES, 19 de enero de 2007

ENTREVISTA: XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN | ESCRITOR | LUCES

"O escritor debe roubar, ser un predador, un pirata"

DANIEL SALGADO | Vigo | 19 ENE 2007

Archivado en: [Declaraciones prensa](#) [Xosé Luís Méndez Ferrín](#) [Escritores](#) [Poesía](#) [Gente](#) [Literatura](#) [Sociedad](#) [Cultura](#)

Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938) non quere ser o centro de nada, moito menos da literatura galega. "Recoñézome na miña xeración, aquel colectivo que, durante o franquismo, soubo dicir non á saudade como fuxida da política", declara, "que soubo entender que a nosa literatura debía ser diferente da escrita por Fole ou por Cunqueiro, pero eu só non".

De opinións políticas contundentes e candidato ao Premio Nobel, Méndez Ferrín é respectado por case todos os colegas. Logo do seu último libro de poemas, *Contra Maquieiro*, en 2005, o escritor Xabier Cordal afirmou que, malia a xa non estar de moda, resultaba preciso lembrar que Ferrín seguía a ser o mellor poeta galego. Na actualidade prepara a publicación dun ensaio sobre "onomástica recreativa" titulado *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*.

"A poesía política non desapareceu en Galicia, nin nos momentos de adoración do pensamento feble"

Pregunta. Adorno concluíu que razón ilustrada desembocou en Auschwitz. O seu último libro, pola contra, reclama a razón con maiúscula...

"Coincido con Claudio Rodríguez en que un non pode ser poeta todo o tempo. Si articulista ou novelista"

Respuesta. A insidia de Adorno consistiu en marcar unha distancia co racionalismo. E chámolle insidia no sentido de que foi utilizada pola dereita intelectual disolvente para desregularizar o pensamento forte e producir ese caos de pensamento tan necesario para o capital que foi o posmodernismo. Pero estamos noutra situación. Na actualidade, o pensamento de Badiou, de Rancière ou, entre nós, de Paco Sampedro busca unha reinvención, dende o marxismo, da Ilustración, que mesmo inclúe unha valoración positiva do bonapartismo. Aí, modestamente, sitúo *Contra Maquieiro*.

"Valle-Inclán, dende a súa primeira obra, está mudando, pero sen perder o seu núcleo de diamante"

P. A historia literaria di que o seu libro de 1976, *Con pólvora e magnolias*, liquidou o socialrealismo na poesía galega. Pero nos seus libros nunca desapareceu a pulsión política...

"O escritor galego debe frecuentar as grandes culturas europeas, senón, vira escritor dialectal de Madrid"

R. O socialrealismo non foi máis que unha imitación da peor poesía comprometida castelá. Nin sequera chegou a atender ao poema baril e potente de Celso Emilio Ferreiro. E desapareceu non polo meu libro, senón pola propia lóxica interna da linguaxe poética. Logo instaurouse outra moda de imitación española, que tiña no obxectivo os novísimo

s de Castellet. Foi un balance, de Guatemala a guatepeor, pero a política nunca marchou da poesía galega. Estaba en Rosalía, estivo en Cáccamo nos oitenta, por exemplo, está en Chus Pato ou nos novos. A poesía

política nunca se ausentou, nin sequera nos momentos máis intensos de adoración do pensamento feble.

P. Na súa obra hai un traballo extremo da lingua. Non existe perigo do manierismo?

R. Nestes tempos hai grandes escritores que dominan perfectamente a lingua galega e non só na función poética, senón a lingua en xeral. Ditan unha norma social. Refírome a Manuel Outeiriño, Darío Xohán Cabana, Anxo Angueira ou, dos máis recentes, Olga Novo. Isto ocorre agora mesmo. Pero o manierismo, que é un perigo permanente, detéctase sempre. Por exemplo, Cunqueiro foi un manierista en gran parte da súa obra. Non é até a súa vellez, cando rexeita todo esteticismo e se enfronta á realidade da existencia, que xorde o que, para min, é o gran Cunqueiro, o dos últimos poemas. O caso contrario atópase en Valle-Inclán. Dende a primeira obra muda, pero mantén sempre o mesmo núcleo de diamante.

P. Á hora de escribir poemas, vale o oficio ou a inspiración?

R. A linguaxe sorprende cando estamos escribindo e a creación literaria aparece por camiños que non previmos. Pero sería un idealismo pensar que un espírito se apodera de nós. Somos unicamente nós. Que temos dentro cousas que non sabemos e que ás veces se revelan. Pero son nosas. O demais é oficio, porque o escritor ten que traballar como un ebanista ou ca un pedreiro. E ten que ter guías e mestres, na literatura universal e nas linguas que sexa quen de ler. O escritor debe ser lector. Un pedrador, debe apropiarse dos outros, debe roubar, debe ser pirata e incorporar todo á súa expresión.

P. É desexábel a profesionalización do escritor?

R. Houbo grandes escritores que foron profesionais, como Balzac ou Dostoievsky -case todos novelistas- e outros que non. E tamén os houbo que viviron de milagre, que non se sabe de que comeron nin de que beberon e non traballaron máis que na literatura. Outros eran profesores de matemáticas, como Paul Valéry. Non se poden establecer regras.

P. Como decide escribir un libro de poemas ou una novela?

R. Aí si que podo dicir que non decido. A vida convócame nun determinado momento a escribir un poema. Pasei décadas sen escribir ningún e logo períodos de escribir con intensidade. Coincidiu con Claudio Rodríguez, un dos poetas en lingua castelá que eu considero grandes, que dicía humoristicamente: 'es que uno no puede ser poeta todo el tiempo'. Podo escribir artigos de xornal todo o tempo, novelas todo o tempo, pero non poemas todo o tempo.

P. Antonio Gamoneda volveu dicir que a poesía galega é superior á castelá...

R. Non estou capacitado para aseguralo, porque non sigo a poesía española. Pero sei que houbo falsas canonizacións, poño por caso a dun poeta tan irrelevante como Gil de Biedma. Gamoneda escapa dese mundo. El é verdade. E a poesía é unha verdade. Como di Alain Badiou, a poesía ten efectos de verdade.

P. Onde sitúa, na actualidade, a vangarda da literatura galega?

R. Non hai vangarda. A vangarda resulta unha noción propia dos anos dez. O Preludio a toda estética futura, de Risco en 1916, por exemplo. Pero a literatura galega actual está na tradición e iso é positivo, dá boas ensinanzas. Porque hai que ler a Rosalía, hai que ler En las orillas del Sar. Tamén hai que coñecer as tradicións das culturas concomitantes, a alemá, a francesa, a portuguesa ou a italiana. Se o escritor galego non frecuenta esas tradicións, muda en escritor dialectal que só coñece Madrid. O escritor, xa o dixo Pondal, debe participar dunha tradición supranacional.

P. Que lle di o concepto de normalización cultural?

R. A normalización cultural non existe, por iso a literatura galega non lle gusta á Caixa de Aforros de Vigo e esta inviste en cadros, que están calados, silenciosos. A normalización cultural tradúcese doutro xeito: a aceptación do réxime monárquico e do réxime dialectal, que é o rexionalista da Xunta de Galicia. A normalización é o sometemento ao estatus. Pero boa parte da literatura galega, consciente ou inconscientemente, non está sometida. A mellor parte. Dende o meu punto de vista, o que cómpre é unha normalización política, é dicir, unha Galicia autodeterminada, independente, non esta.

P. A literatura galega liberouse do tópico da saudade?

R. Non debe liberarse. A saudade é unha palabra que entra na literatura galega no primeiro libro que se escribe en galego conscientemente na modernidade, o Coloquio de rústicos do Padre Sarmiento. Logo, a saudade volve aparecer en Rosalía de Castro. En Cabanillas convértese nunha representación idealista da alma da patria. Mesmo intentou facer unha filosofía nacionalista da saudade. E digo nacionalista no peor sentido da palabra. Houbo quen quixo presentar a saudade coma un sentimento que diferencia a galegos e portugueses do resto dos pobos. Eu non acredito niso. Pero é un feito que, por algunha razón misteriosa, a saudade está presente na literatura galega contemporánea. É unha marca de distinción e unha marca de infortunio, como os símbolos que definen Irlanda, os ósos, as osamentas, que tamén son marcas de infortunio.